

Anexo I

BASES PARA A SELECCIÓN DO ALUMNADO – TRABALLADOR

OBRADOIRO DE EMPREGO "TERRITORIOS: AVIA-MIÑO"

Entidade Promotora: CONCELLO DE RIBADAVIA

Subvencionado pola CONSELLERÍA DE PROMOCIÓN DO EMPREGO E IGUALDADE.

As persoas candidatas remitidas pola oficina de emprego deberán cumprir os requisitos mínimos previstos nos artigos 10, 11, 12, 13 e 14 da ORDE do 7 de febreiro de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2024.

Primeira.- Requisitos para poder participar como alumnado-traballador:

-Poderán ser persoas beneficiarias participantes deste programa aquelas persoas que, estando desempregadas e inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia, teñan unha idade igual ou superior a 18 anos.

- Cumprir os requisitos para poder formalizar o contrato de formación e a aprendizaxe, de acordo co previsto no artigo 11.2 .c) e na disposición adicional segunda do vixente texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores.

Cumprir os requisitos de acceso sinalados nos reais decretos que regulan os devanditos certificados, cando a formación que se vai impartir no proxecto vaia dirixida á obtención de certificados de profesionalidade de nivel de cualificación 2 ou 3.

Segunda.- A selección farase mediante o seguinte sistema, que constará de dúas partes:

1. A.- Unha Entrevista Persoal, á cal corresponderalle unha puntuación máxima de 15 puntos.

1. B.- A aplicación do seguinte baremo, no cal puntuación total máxima podería chegar ata os 30 puntos.

	CRITERIOS	PUNTOS
1	Ter planificado no seu Itinerario Profesional de Inserción a súa participación nestes programas	6
2	Persoas beneficiarias que non recibiran previamente atención polo sistema	4
3	Discapacidade \geq 33%	1
4	Especiais Persoa emigrante retornada	2

	dificultades inserción no mercado traballo	Mulleres en xeral	1
		Mulleres vítimas de violencia de xénero	2
		Persoas que esgotasen as prestacións e subsidios por desemprego/ persoas paradas de longa duración	2
		Persoas maiores de corenta e cinco anos	2
5	Experiencia laboral	Ningunha	3
		Ata 12 meses	2
		≥ 12 meses	1
6	Nivel de cualificación profesional	Baixa (que non posúan un carné profesional, certificado de profesionalidade de nivel 2 ou 3, título de F.P. ou titulación universitaria)	3
		Media (que posúan un carné profesional, certificado de profesionalidade de nivel 2 ou FP ciclo medio)	1,5
		Alta (que posúan certificado de profesionalidade de nivel 3, título de FP de ciclo superior ou titulación universitaria)	0,5

Para a selección do Módulo de Servizos de bar e hostalaría, os alumnos só poderán ser baremados no apartado 6 con nivel de certificación profesional media ou alta.

A puntuación total máxima, sumando os dous apartados, non poderá superar os 45 puntos.

O alumnado non pode volver a facer un Obradoiro de Emprego da mesma familia que xa tivera superado previamente en anteriores edicións, agás que sexa de nivel superior.

As persoas candidatas cumprimentarán un cuestionario de datos relativos a súa situación profesional, laboral e de empregabilidade, que terá o valor de declaración responsable con presunción de veracidade. De comprobarse o falseamento dos datos poderase determinar a súa exclusión do proceso de selección.

A distribución dos postos estará, de selo caso, en función do acordo asinado polos responsables dos concellos participantes.

Os posibles empates que resulten da aplicación do baremo resolveranse aplicando os seguintes criterios:

- Non tiveran participado en escolas obradoiro ou obradoiros de emprego ou tiveran participado un menor número de veces.
- Non teñan experiencia laboral ou a que teñen sexa menor.

- Non teñan cualificación ou a súa cualificación sexa de menor nivel.
- Tempo no desemprego.
- Colectivo desfavorecido ou en risco de exclusión social.

Serán propostos para participar no Obradoiro aquelas persoas que acaden maior puntuación como resultado do proceso de selección ata o número de prazas convocadas. As restantes formarán a listaxe de reservas, que estará vixente ata a data de inicio do proxecto.

De conformidade co artigo 14 da Orde de convocatoria, as incidencias e reclamacións serán resoltas pola Comisión de Traballo. As súas resolucións poñen fin a vía administrativa, tendo tal carácter as listaxes definitivas.

Ourense, 28 de outubro de 2024.

Representantes da Entidade Promotora